

### EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día


21 de decembro de 2015

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e un de decembro de dous mil quince; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMENE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e está presente a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:



## ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15extractoap17

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 21-12-2015

1/211 **ACTA ANTERIOR**.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a acta correspondente a sesión ordinaria celebrada pola Excma. Corporación municipal o día 24 de setembro de 2015.

### A) **PARTE RESOLUTIVA**

#### **URBANISMO**

2/212 **APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A AGREGACIÓN DE DÚAS PARCELAS E ORDENACIÓN DE VOLUMETRÍA E ESTÉTICA DAS UNIDADES EDIFICATORIAS 140122 E 140123 (RÚA NOVA, 52-54) DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR (PEPRI), SOLICITADO POR "SAGAL INVERSIONES, S.L."**.- O Excmo. Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente, o estudo de detalle para a agregación de dúas parcelas e ordenación de volumetría e estética das unidades edificatorias 140122 e 140123 (rúa Nova, 52-54) do PEPRI, solicitado por "SAGAL INVERSIONES S.L.", co condicionante exposto no informe da Directora Xeral do Patrimonio Cultural de data do 12-02-15 (do que se deu traslado á parte interesada con data do 29-9-15), que a continuación se transcribe no seu teor literal:

*"Os proxectos que desenvolvan o contido do estudo de detalle deben contemplar que debe reducirse a apertura do oco de medianeira en planta baixa, prolongando a súa conservación máis aló do núcleo de comunicacións e cara o fondo da parcela, cando menos un metro en cada ámbito, o que deberá ser comprobado polo Concello de Lugo no trámite de licenza correspondente, segundo as competencias que lle corresponden en relación co que determina o artigo 47.2 da LPCG".*

SEGUNDO.- Trasladarlle á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMAOT), da Xunta de Galicia, o presente acordo e unha copia autenticada de dous exemplares do estudo de detalle debidamente dilixenciados.

TERCEIRO.- Realizar o correspondente anuncio do acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia no prazo dun mes (artigo 92.2 LOUGA), no que se fará constar a devandita remisión a CMAOT (artigo 92.3 da LOUGA).

CUARTO.- Notificarlles este acordo ós interesados, indicándolles que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito.

#### **POLICÍA, TRÁFICO E TRANSPORTES**

2

**3/213 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SUSPENSIÓN DO PUNTO DISPOSITIVO SEGUNDO DO ACORDO 16/152 ADOPTADO POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2015 RELATIVO A “PROPOSICIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS POPULAR, LUGONOVO, BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA E MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 230/2015, DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO SERVIZO PÚBLICO DE REGULACIÓN DE APARCADOIROS NA VÍA PÚBLICA (ORA)”.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA rexeitar a proposta da Alcaldía.**

#### PROPOSICIÓN

**4/214 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 349/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA GARANTIR A SEGURIDADE NO TRAMO DA N-VI ENTRE A AVENIDA DAS AMÉRICAS E GARABOLOS.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA** solicitar ao goberno central as melloras necesarias para garantir a seguridade no tramo da N-VI entre a Avenida das Américas e Garabolos, executando carrís de incorporación e iniciando o estudo para o seu desdoblamento.

**5/215 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 354/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA COMISIÓN PERMANENTE PARA O SEGUIMIENTO E CONTROL DO CUMPRIMENTO DOS ACORDOS PLENARIOS APROBADOS.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:**


PRIMEIRO.- Esixir á Excmo. Sra. Alcaldesa e ó seu equipo de goberno, que cumbran e fagan cumprir os acordos plenarios.

SEGUNDO.- Creación dunha Comisión Permanente para o Seguimento e Control do Cumprimento dos Acordos Plenarios Aprobados, conforme ás normas recollidas no Título VIII do Regulamento Orgánico Municipal.

TERCEIRO.- A convocatoria da mesma, para a súa constitución, deberá levarse a cabo antes da finalización do mes de xaneiro, e as reunións da mesma terán carácter trimestral.

CUARTO.- Anualmente, esta Comisión redactará unha Memoria cos acordos aprobados no Pleno, pormenorizando aqueles que non se levaron a efecto, as razóns esgrimidas para elo e, no seu caso, o prazo que se prevé para o seu cumprimento.

**6/216 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 356/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUN CIRCUÍTO**



**ACTAS E GOBERNO**

JACA/jch

Refª: 15extractoap17

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 21-12-2015

**HISTÓRICO PATRIMONIAL.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** desenvolver a rede de divulgación histórico-patrimonial de todas as formas posibles: sinalética en rúas, espazos e edificios, soporte documental e guía formato papel (folleto) e electrónico (web do Concello, facebook e aplicación informática, cando menos), propiciando así mesmo a extensión ó uso lúdico (propostas dixitais, actividades de rúa...) e didáctico, difundindo a súa existencia en todos os ámbitos.

**7/217 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 358/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CONVOCATORIA URXENTE DA COMISIÓN DE PLANEAMENTO E DO CONSELLO ECONÓMICO SOCIAL PARA A ANÁLISE DA SITUACIÓN DO PXOM DE LUGO TRAS A SENTENCIA DE VIGO.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** rexeitar a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular.

**8/218 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 361/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE PROTECCIÓN DO PEÓN.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao Goberno Municipal a que adopte as medidas oportunas dirixidas a elaboración dun Plan Integral de Protección do Peón que inclúa:

1. Repintado das rúas nos barrios e zonas da cidade que quedaron excluídas no actual contrato de sinalización.
2. Instalación de dispositivos led con sensores, nos pasos de peóns máis perigosos e transitados do municipio como exemplo: O Ceao, Fontiñas, Ramón Ferreiro, Avda. da Coruña, Avda. Américas...
3. Posta en marcha de campañas de información e concienciación sobre a seguridade viaria así como a impartición de cursos para todo tipo de colectivos.
4. Estudo e remodelación das interseccións, pasos de peóns e puntos máis conflitivos no tráfico de Lugo.
5. Estudo e reubicación do mobiliario urbano que entorpeza a visibilidade de condutores e peóns.

**9/219 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 363/2015 DE REXISTRO DE PLENO -QUE SUBSTITÚE Á PRESENTADA POLO MESMO GRUPO CO NÚMERO 360/2015 DE REXISTRO DE PLENO-, RELATIVA Á TRANSPARENCIA MUNICIPAL.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** mellorar o portal da transparencia do Concello de Lugo que xa existe, co fin de incrementar tamén o coñecemento e a nitidez que o cidadán ten da xestión municipal. Que as distintas seccións que agora figuran na web recollan e desenvolvan todos os indicadores que a continuación se detallan, ademais dos que xa están incluídos,

4

neste momento, fixando no 31 de xaneiro de 2016 a data tope para enchelos de contidos tendo en conta que a maioría deles aínda non foron activados.

#### **DATOS SOBRE A CORPORACIÓN MUNICIPAL**

- 1.- Utilizarase a páxina web municipal como centro principal de información. Esta páxina web ten que ser de acceso moi doado, navegación e utilización frecuente e conterá todas as direccións electrónicas dos Órganos do Goberno, Concellarías, Departamentos, Grupos Políticos Municipais e Sindicatos con representación municipal.
- 2.- Especificar os diferentes Órganos de Goberno, o organigrama das Concellarías e Departamentos e as súas funcións.
- 3.- Especificar e publicar integramente os acordos/convenios con outras entidades públicas ou privadas. Farase con especial detalle naqueles que supoñan unha diminución dos ingresos municipais, debéndose publicar unha relacións de motivacións.
- 4.- Especificar os datos básicos de EVISLUSA, detallándose estatutos, sistema de contratación de persoal e balances económicos.
- 5.- Publicación de forma completa da composición do Consello de Administración e da Relación de Postos de Traballo (RPT) ou plantilla de persoal, na que se especifiquen non só os soldos íntegros que corresponden a cada posto, senón as contías e periodicidade das “primas por asistencia a xuntas” e os concelleiros ou funcionarios que, no seu caso, as perciben.

#### **DATOS SOBRE CARGOS ELECTOS E PERSOAL DO CONCELLO**

- 6.- Especificar, polo menos na páxina web, os datos biográficos e curriculares e as direccións electrónicas da Alcaldía e dos Concelleiros.
- 7.- Publicar a relación nominal dos cargos electos e, no seu caso, funcionarios que forman os diferentes Órganos de Goberno e Comisións do Concello. Publicar as contías das remuneracións duns e doutros por asistencia a Plenos, Comisións, etc.
- 8.- Publicar e especificar a información relativa ás retribucións da Alcaldía e Concelleiros.
- 9.- Elaborar e publicar a Relación de Postos de traballo do Concello.
- 10.- Facilitar o acceso dende a web municipal ao Rexistro de Intereses de Actividades e de Bens contemplado na Lei de Bases de Réxime Local.
- 11.- Publicar e especificar a relación nominal do persoal eventual ou “cargos / postos de confianza “xunto ás súas retribucións, titulacións, currículo, cometidos e a quen reportan dentro do organigrama municipal”.
- 12.- Facilitar o acceso dende a web municipal ao Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal Funcionario e do Convenio Colectivo do Persoal Laboral.
- 13.- Proporcionar toda a información e publicidade sobre os procesos selectivos do persoal (bases, prazos, composición do tribunal, probas, listas de admitidos e excluídos, reclamacións/impugnacións, etc.)

#### **INFORMACIÓN SOBRE NORMAS E REGULAMENTACIÓNS MUNICIPAIS**



## ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15extractoap17

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 21-12-2015

14.- Adhesión, publicación e posta en práctica do “Código do Bo Goberno Local” da Federación Española de Municipios e Provincias e/ou do “Código Europeo de Boas Condutas Administrativas” da Comunidade Europea.

15.- Publicar tamén na web municipal, sen “extractar”, os acordos das Xuntas de Goberno e os Decretos da Alcaldía. A limitación á publicidade dos datos nelas contidos será a determinada pola lexislación vixente en materia de protección de datos.

### INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN

16.- Facilitar que o cidadán interesado poida seguir on-line o estado de tramitación administrativa de licenzas e pagos e as incidencias do procedemento administrativo que lle afecten.

17.- Informar dende a web de incidencias que poden afectar á situación diaria do concello como cortes de tráfico, obras, ameazas de nevarada, etc.

18.- Publicación de todas as axudas e/ou subvencións municipais concedidas a diversas entidades (fundacións, asociacións, peñas, clubs deportivos, ONG's, etc.) Publicaranse tamén os fins aos que van destinadas e os mecanismos de control que se empregan para comprobar se esta se utilizou correctamente.

19.- Publicación das sentenzas xudiciais que afecten ao Concello como parte no xuzgado.

20.- Facilitar na web información dos servizos e dereitos propios da Comunidade Europea, posibilitando que o cidadán participe a través da “e-petition”.

### TRANSPARENCIA ECONÓMICA FINANCEIRA

21.- Facilitar o seguimento on-line dos mandatos de pagos xerados pola Intervención Municipal, respectando a lexislación vixente en materia de protección de datos.

22.- Publicar na web tódolos documentos referentes ás Contas Anuais do Concello (Balance, Conta Resultado Económico-Patrimonial e Memoria)

23.- Publicar na web tódolos documentos referentes aos Orzamentos municipais (incluíndo as alegacións formuladas no período de información pública, as modificacións aprobadas polo Pleno, o seu estado de execución e a súa liquidación.)

24.-Publicar na web os orzamentos de EVISLUSA.

25.-Publicar na web os informes de Auditoría ou dos órganos de control externo(Tribunal de Contas)

26.- Utilizar e publicar os seguintes indicadores financeiros e orzamentarios:

-Superávit ou déficit por habitante.

-Autonomía fiscal (Dereitos recoñecidos netos de ingresos tributarios/Dereitos recoñecidos netos totais).

-Publicar a lista e o importe das obras e proxectos do Concello financiados polo Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local.

30.- Utilizar e publicar os seguintes indicadores relacionados cos ingresos e gastos da Corporación:

-Ingresos fiscais por habitante.


- Gasto por habitante.
  - Inversión por habitante.
  - Período medio de pago.
  - Período medio de cobro.
- 31.- Publicar o importe da débeda pública municipal e os datos sobre a evolución da débeda en comparación con exercicios anteriores.
- 32.- Utilizar e publicar os seguintes indicadores relacionados coa débeda municipal:
- Endebedamento por habitante.
  - Endebedamento relativo (Débeda municipal/Presuposto total do Concello).

#### **TRANSPARENCIA NAS CONTRATACIÓNS**

- 33.- Informar sobre a composición e convocatorias das Mesas de Contratación.
- 34.- Publicar o importe do xa executado e ou cobrado das distintas obras ou proxectos financiados co Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local. Publicar tamén a listaxe das empresas contratadas para estas obras e proxectos.
- 35.- Publicar a lista e/ou contía das operacións cos provedores, adxudicatarios e contratistas máis importantes do Concello.
- 36.- Publicar os pregos de condicións dos servizos e actuacións en curso, así como as medidas de control para garantir que os contratos se cumpren segundo o estipulado na adxudicación.
- 37.- Establecer controis sobre a adxudicación de servizos, que pola súa propia natureza non poden ser adxudicados a empresas e deben cumprirse por persoal contratado. Evitaría contratar a falsos autónomos.

#### **TRANSPARENCIA EN URBANISMO E OBRAS**

- 38.- Manter na web unha sección de fácil acceso dedicada ao urbanismo no que apareza o PXOM, os mapas e planos que o detallan, as modificacións aprobadas do mesmo e a normativa vixente en materia de xestión urbanística do Concello.
- 39.- Publicar a información precisa dos convenios urbanísticos do Concello e dos plans parciais sobre os usos e destinos do chan.
- 40.- Aumentar a transparencia sobre licitación de obras públicas:
- Publicar os proxectos, os pregos e os criterios de licitación das obras públicas máis importantes.
  - Publicar as modificacións dos proxectos das obras máis importantes.
  - Publicar a listaxe de empresas que concorreron á licitación das obras públicas e o nome das empresas que realizaron as obras de urbanización máis importantes.
- 41.- Aumentar a transparencia sobre o seguimento e control da execución das obras:
- Aportar información precisa sobre cada unha das obras máis importantes de infraestrutura que estea en curso (obxectivo da obra, responsable municipal, contratista/s responsable/s, importe presupostado e período de execución).
  - Publicar a data concreta de inicio e o prazo de execución das obras municipais de máis de 500.000 euros.



**ACTAS E GOBERNO**

JACA/jch

Refª: 15extractoap17

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 21-12-2015

-Difundir trimestralmente información sobre as obras de infraestrutura realizadas e / ou aprobadas pendentes de execución.

42.- Divulgar os seguintes indicadores sobre urbanismo e obras públicas:

-Inversión en infraestruturas por habitante.

-Porcentaxe de ingresos derivados do urbanismo/presuposto total de ingresos.

-Porcentaxe de gastos derivados do urbanismo/presuposto total de gastos.

**10/220 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 365/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS PARA O COIDADADO DO PARQUE DO MIÑO.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Solicitar á Deputación provincial, e ás outras institucións competentes o mantemento adecuado do chan do Parque do Miño.

SEGUNDO.- Solicitar ás institucións competentes a execución dos desbroces necesarios nos sendeiros que bordean o Miño.

**11/221 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 367/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS PARA QUE SE DESTINE UNHA PARTIDA DOS ORZAMENTOS DE 2016 PARA A REFORMA INTEGRAL URXENTE DA CANALIZACIÓN E ASFALTADO DO BARRIO DE CASÁS.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** destinar unha partida nos orzamentos de 2016 para a reforma integral urxente da canalización e asfaltado do Barrio de Casás.

**12/222 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 368/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR Á XUNTA A PLANIFICACIÓN A BOA DISTRIBUCIÓN E CONSTRUCCIÓN DE INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS NA ZONA SUR DE LUGO.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar á Xunta de Galicia, por medio da súa Consellería de Educación á:

- 1.- Creación, de inmediato, dun colexio de primaria na zona sur de Lugo para aumentar as prazas de escolarización desta zona e poder atender a todas as demandas de pais e nais.
- 2.- Planificar a construción dun instituto de secundaria na zona sur da cidade de Lugo para atender as necesidades dos próximos anos.
- 3.- Revisar a zonificación da totalidade dos centros de ensino do concello de Lugo para permitir ás alumnas e alumnos acudir ao seu centro máis próximo.

**13/223 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 369/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADHESIÓN Á PLATAFORMA**

**“LUGO...NON PERDAS O TREN” PARA O IMPULSO DO FERROCARRIL NO CONCELLO DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adhesión, por parte do Pleno deste Concello ás reivindicacións da Plataforma veciñal “Lugo ... non perdas o tren”.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a que doten de partidas orzamentarias para a posta en marcha da estación intermodal, cara á impulsar os servizos ferroviarios na cidade de Lugo, nos mesmos termos que o está a facer noutras cidades de Galicia.

TERCEIRO.- Solicitar ao goberno central a inmediata recuperación do servizo de cercanías para unir as poboacións a través de frecuencias rápidas na liña de ferrocarril que une as cidades de Lugo e da Coruña e de Lugo e de Monforte polo trazado xa existente.


CUARTO.- Solicitar ao goberno central o compromiso inmediato para que Lugo conte nun prazo razoable con conexión ferroviaria coa Mariña e Compostela.

**14/224 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 370/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR Á XUNTA QUE SE APLIQUE A REDUCCIÓN DE PREZOS NOS APARCADOIROS DO HULA.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia, por medio da súa Consellería de Sanidade, a que adopte as medidas pertinentes para establecer unha redución nas tarifas no aparcadoiro do Hospital Universitario Lucus Augusti, tendo en consideración aqueles usuarios sensibles, como poden ser os acompañantes ou propios pacientes de longa duración ou enfermos crónicos, entre outros.

SEGUNDO.- Esixir unha negociación entre a Consellería de Sanidade e a empresa concesionaria do servizo de aparcamento do HULA para a redución das súas tarifas, chegando incluso á gratuidade do mesmo durante os primeiros minutos de estancia, a semellanza do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

**15/225 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 371/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO DESDOBRAMENTO E INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO DA AVENIDA DUQUESA DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA** iniciar os estudos, tramitacións e proxectos precisos para levar a cabo o desdoblamento dos tramos que faltan ata o Polígono do Ceao da Avenida Duquesa de Lugo no ano 2016, incluíndo a creación dun carril bici, a construción de beirarrúas nos puntos onde non existan e a instalación de alumeado público para á mellora de visibilidade e seguridade viaria.



**ACTAS E GOBERNO**

JACA/jch

Refª: 15extractoap17

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 21-12-2015

16/226 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 372/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REÚNA A COMISIÓN DE ESTUDO DO PLANEAMENTO PARA VALORAR A PARALIZACIÓN DO 5% PENDENTE DO PXOM E O INICIO DUN NOVO PROCESO DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** rexeitar a proposición presentada polo Grupo Mixto.

**B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

**ACTAS E GOBERNO**

17/227 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2015, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

18/228 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 15010037, DO 7 DE DECEMBRO DE 2015, POLO QUE SE MODIFICA A ORGANIZACIÓN MUNICIPAL CON MOTIVO DO NOMEAMENTO DE DOUS NOVOS CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.

**ROGOS E PREGUNTAS**

**PREGUNTAS:**

- A) DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 351/2015 DE REXISTRO DO PLENO, SOBRE O CORTE DE SUBMINISTRO ELÉCTRICO EN VARIAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS O DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2015.-
- B) DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 364/2015 DE REXISTRO DO PLENO, SOBRE O CONTRATO DA PISTA DE XEO DA HORTA DO SEMINARIO.